

## **ACORDO UNITARIO SOBRE A CARREIRA PROFESIONAL DOS FACULTATIVOS DO SERGAS.**

A Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais (CGFH), constituída por representantes elexidos nas asembleas de facultativos dos hospitais galegos, e os sindicatos CIG, CCOO, CSIF, OMEGA e UGT, reunidos no Colexio de Médicos de Santiago, acordan:

1. Manifestar o seu rexeitamento unánime ás propostas presentadas polo SERGAS na Mesa Sectorial sobre a Carreira Profesional (CP) dos facultativos, por considerar que non supoñen un avance real no recoñecemento do desempeño profesional dos facultativos.
2. Difundir e defender conxuntamente os "Puntos Básicos sobre a Carreira Profesional dos Facultativos do SERGAS". Estes "Puntos Básicos", que logo se detallan, son os puntos mínimos cumúns que constitúen o elemento central do movemento unitario que se crea na defensa dunha CP dos facultativos digna. Os sindicatos defenderán estes puntos nas negociacións na mesa sectorial.
3. Activar procedementos para que o apoio dos facultativos aos "Puntos Básicos" acordados se faga expreso e nominal. Con este fin recollerán sinaturas nas que os profesionais manifesten o seu apoio individual aos puntos obxecto deste acordo.
4. Lanzar unha mobilización conxunta en todos os centros sanitarios galegos, o mesmo día e a mesma hora, en defensa dunha Carreira Profesional Digna para os facultativos. Esta mobilización consistirá en concentracións que se realizarán en todos os centros sanitarios o 27 de xaneiro do 2005, ás 12 da mañán.
5. Xuntarse periódicamente para avaliar conxuntamente a evolución dos acontecementos relacionados coa CP nos centros sanitarios e na Mesa Sectorial e para, no seu caso, desenvolver novas iniciativas conxuntas.

Santiago de Compostela, 15/12/2004